

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

## TÉCNICAS DE INTERVENCIÓN E CULTURA DE CRIANZA DE 3 A 6 AÑOS

### PARTE I

#### SAÚDOS INICIAIS:

Agradecemento a **AGAT** – a todos/as profesionais que dende a Asociación loitades pola mellora na calidade dos servizos da Atención Temperá en Galicia - unha proba delo é a realización deste máster. Sabemos que detrás destes proxectos hai moita inversión de tempo, de esforzo e como non de ilusión por parte de profesionais que teñen unha importante traxectoria nos seus centros de traballo.

Agradecementos á **Fundación Paidea** e recoñecemento polos proxectos que levan adiante, ós que asitín, garantes de calidade e utilidade para os profesionais. Teño a sorte de coñecer e compartir tempos de reflexión teórico / prácticos con Federico Menéndez, membro da fundación e profesor tamén neste Máster, un amante da clínica, do coñecemento, dos cambios,....., en él, o coñecemento e a experiencia vivida facilítanos a entrada en discursos e análises moitas veces moi clarificadores.

Tamén á **Universidade** pola posta en marcha deste Máster, institución que é crucial que se implique en proxectos formativos de calidade que nos permitan ós profesionais mellorar na nosa traxectoria, abrir horizontes, plantexarnos retos, ser mellores e recoñecernos.

#### MIÑA MIRADA Ó NENO:

O que pretendo aportar nesta xornada de traballo é unha selección daqueles aspectos que considero máis significativos da miña práctica profesional como psicóloga e psicomotricista.

Todas as imaxes que aparecen no documento son do traballo que realizo.

En primeiro lugar para definir **a mirada que eu teño ó NENO/A**, o xeito de entendela é froito da miña traxectoria profesional e formación, así que vos comento cales son.

A miñas primeiras experiencias profesionais foron con adultos, durante 16 anos traballei nun centro de rehabilitación de persoas con dependencia ás drogas. A formación que recibín pasou por momentos de convivencia cos usuarios do servizo, participación nas terapias que se realizaban, formación en psicodrama e grupos de autoaxuda, formación en terapia da gestalt, formación en bioenerxética e traballo corporal, terapia grupal,....**en xeral a miña formación tivo unha parte vivenciada**. Esta formación unido ó traballo foi aportándome unha visión HOLÍSTICA da persoa, a droga deixou de ser un problema para

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

convertirse no síntoma esencial – na vía ou canle que a persoa empregaba para poder mostrarse, a súa obsesión, a prioridade ... . *Este enfoque aínda me segue axudando hoxe.*

Nestes comezos vin con claridade as consecuencias que poden arrastrar na vida das persoas certas vivencias dos primeiros anos: na imaxe que temos de nós mesmos, na seguridade física e emocional, na capacidade para expresarnos, defendernos, confiar, loitar, perseguir os desexos, ou á inversa, anularse destruírse, facerse moi pequeniño e non verse capaz de acadar ningunha meta..., todo isto tapado cunha gran máscara ou armadura que separa o interior / exterior. A rehabilitación tiña que pasar por esa reconstrución da primeira imaxe que temos de nós mesmos, tocar os pilares que o sustentan, non para retiralos que é imposible, si para apuntalalos e que permitan edificar encima deles con certa seguridade.

Aquí foi tamén onde empecei a tomar consciencia da miña nena, dos meus pilares, dos mensaxes recibidos e da base sobre a que eu estou edificada - *explico esto pois vai ser clave na formación da/o psicomotricista.*

Unha vez que decidín deixar ese traballo, como sempre me gustaron os nenos fixen ese xiro profesional, e quixen formarme para atopar medios, ferramentas que me axudaran a desenrolar o meu traballo neste novo campo. Foi a casualidade a que me levou á PSICOMOTRICIDADE, un libro que atopei nunha librería “Por qué los niños se mueven tanto” de Bernard Acouturier, e ó final aparecían as dirección e teléfonos das escolas de formación de Práctica Psicomotriz Acouturier. E, así comezou ou seguiu a aventura...completando a miña formación con PSICOMOTRICIDADE AUCOUTURIER no CEFFOP.

Traballei durante 12 anos no programa de Adopcións Especiais da Xunta de Galicia, experiencia que me axudou a tomar conciencia do crucial e importante que son eses primeiros momentos de relación do bebé coa figura de referencia, ou incluso antes de nacer.... Traballaba coas familias previo a adopción, formando, asignábamnos nenos a familias e facíamos seguimentos e acompañamentos das novas familias. Cando, pola razón que sexa, falla esa seguridade nos inicios: si a dispoñibilidade non é axustada, a regularidade nos coidados non se axusta ás necesidades do neno (tanto do neno recién nacido como na mamá en proceso de xestación), si o ambiente é estresante,... pódense producir danos e alteracións importantes. Coas familias de adopción era esencial traballar e que tomaran consciencia entre outras cousas de que o amor que eles lle poden aportar ó seu fillo non vai a curar o amor que o neno non recibiu antes – ese dano estará ahí, e co paso do tempo observarase con claridade o impacto que ten. O neno poderá acumular novas experiencias, pero o que está gravado queda, e ás veces poderá xurdir de novo. Foi unha experiencia laboral moi rica e aportoume moita información sobre a gran importancia que ten e exerce na evolución do neno o ambiente, as atencións recibidas, e tamén todos os procesos que as familias deben de facer para asumir e aceptar ó fillo que teñen, aspecto crucial para queambas partes (pais

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

– fillos), podan disfrutar e construír un sólido lazo afectivo e unha vinculación axeitada.

Compatibilicei o traballo do programa de adopcións co traballo de psicomotricidade a nivel Educativo Preventivo e Terapia durante moito tempo, e dende fai 7 anos centreime só na psicomotricidade. Ahí naceu o centro: **Medrando Xuntos**, onde estou cun equipo neste momento de tres compañeiras e un compañeiro traballando con nenos/as ofertando diferentes tratamentos:

3

### ***Dende a Psicomotricidade:***

No ámbito educativo **preventivo** (prevención primaria) *“Psicomotricidade Educativa Preventiva”* (que para min é un dos máis importantes e do que aprendo constantemente) Facemos grupos en diferentes espazos:

- Escola Infantil de Negreira (nenos/as 2 anos)
- ANPA millapeques (nenos/as de 3,4,5,6 anos)
- CEIP MAIA (nenos/as de 3,4,5,6 anos).

Este ano temos en torno a 100 nenos/as. Este ámbito de traballo permite identificar problemáticas en momentos iniciais e poder intervir e axudar ó neno ou familias con axilidade.

A nivel Reeducativo e Terapéutico. *“Grupo de Axuda” “Terapia psicomotriz”*

- En Down Compostela – con grupos de axuda.
- No Concello de Negreira no Programa Terapéutico que ten en marcha. Grupos de Axuda e Terapia Psicomotriz.
- Nas instalación do centro Medrando Xuntos. Grupos de Axuda e Terapia Psicomotriz.

### ***Valoración psicopedagóxica – Axuda pedagóxica.***

Apoio que naceu da necesidade de darlle continuidade ó traballo cos nenos/as que atendíamos, ofertando un acompañamento no ámbito educativo dende o respecto dos procesos e incidindo nas bases das dificultades, non só na sintomatoloxía que se manifesta...

Realízase en:

- Nas instalación do centro
- No Concello de Negreira.
- En ambientes naturais – casa.

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

**Estimulación cognitiva.** Tamén nace da necesidade de reforzar un traballo que facemos na sala de psicomotricidade.

Realízase en:

- Nas instalación do centro
- No Concello de Negreira.
- En ambientes naturais – casa.

Hoxe, aquí, voume centrar na PSICOMOTRICIDADE, en concreto na **PPA** (Práctica Psicomotriz Aucouturier – unha Paráctica Vivenciada Relacional) Na interacción cos nenos/as pártese das súas vivencias, da súa acción nunha dinámica de interacción que en traballo individual - terapia é coa psicomotricista e si traballamos en Educativa ou Grupo de Axuda, a interacción céntrase sobre todo nos compañeiros do grupo (é esencial que estén nun momento madurativo similar).

Pretendo compartir con vos a información que recibo dos nenos así como os aportes que lles ofrezco, **nun espazo privilexiado “A SALA DE PSICOMOTRICIDADE”**. Un espazo deseñado – pensado e organizado para o neno/a ou para o grupo co que traballo. Un espazo transformable infinitamente – maleable – pero cunha estruturación espacial e temporal estudada. A sala podemos dicir que dende a psicomotricidade é unha ferramenta clave (incidirei máis tarde nos aspectos concretos desta)

## REFLEXIÓNS INICIAIS – ASPECTOS CLAVES:

A etapa madurativa que vai dende o nacemento ata os 6 anos é CLAVE no desenvolvemento do ser humano xa que nela se asentarán as bases, os cimentos sobre os que se construíra o individuo.

Unha das súas peculiaridades é a **GLOBALIDADE** do desenvolvemento:

- ✓ DESENROLO MOTOR.
- ✓ DESENROLO AFECTIVO.
- ✓ DESENROLO COGNITIVO.

Sendo o **CORPO - MOVEMENTO – ACCIÓN** do neno, o medio e instrumento básico para incorporar as aprendizaxes, e para tomar conciencia da súa identidade como persoa, da construción da súa personalidade. *Este é un aspecto clave no aporte da psicomotricidade: no proceso madurativo do neno acádase sobre o 6 mes unha unión somato psíquica necesaria para un desenvolvemento posterior sano.*

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

O avance madurativo é un **PROCESO** (término tamén clave que se pode definir como “conxunto de fases sucesivas ou fenómenos dun feito complexo”) no que é importante garantir determinadas condicións ou circunstancias para a evolución saudable:

Os factores que inflúen directamente no proceso madurativo son:

- O ENTORNO FAMILIAR – *estilo de crianza*.
- A BAGAXE XENÉTICA.

O ENTORNO FAMILIAR: son determinantes as características e peculiaridades deste, o estilo de crianza que siguen no coidado e satisfacción das necesidades do neno. As características do espazo, os tempos (rutinas e rituais...) temas que aportarán ó neno seguridade e favorecerán a posibilidade para ter continuidade de si mesmo, anticiparse ás situación...

A BAGAXE XENÉTICA do neno, a saúde.

A **PRIMEIRA IMAXE** que como individuos nos formamos de nos mesmos, o primeiro espello no que nos vemos, ven da mirada, das palabras e das devolucións que sobre nós, sobre o noso corpo nos aportan as persoas que nos coidaron, que cubriron as necesidades dese bebé que fomos. Tamén como nos tocaron o corpo, como o movilizaron, que diálogo se estableceu....:

Cando se colle en brazos,  
toca,  
nombra (vouche a comer ese peciño, a barrigola...),  
cando se masaxea,  
cando se valora (que forza, que grande, que bonito...)  
cando se xoga (pinto, pinto... ferra burro ferra, tico tico...),  
cando se alimenta, se baña,  
se mira e interpreta: poñer palabra: tes fame, sono, estás canso....

Nestes primeiros contactos establécense os vínculos que permiten manter a mirada, a atención e benestar asociado á interpretación do outro. Este é o primeiro alimento que nos engancha ós demais, este é o medio que permite que o corpo – emoción – pensamento se una - **integración somato psíquica**. A calidade dos coidados vai permitir que sobre os seis meses o neno mostre os primeiros avances no desenrolo do seu pensamento.

Neste privilexiado intercambio NAI E BEBÉ, constrúese a primeira imaxe que nos acompañará toda unha vida. Esa é unha das claves que como

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

psicomotricista observamos na sala, que nos di o corpo do neno, como se despraza, cal é o seu tono, si xoga ou non, como xoga...

### CASO A.

**AMARRÁNDOSE Á REALIDADE** – esta é a historia dun neno de adopción, chegou a Galiza en Xaneiro do 2018. A familia contacta con nós en Abril do 2018 por suxerencia dun profesional que nos coñecía.

Primeiro fíxose un traballo de observacións do neno, sempre en presenza dos pais – concretamente da nai (o neno non soportaba separarse da nai, a demanda dela era continua, en casa tamén). Mantivéronse varias entrevistas cos pais explicando en que consistía o traballo que se fai dentro da sala de psicomotricidade. Tamén profundizamos coa nai na comprensión da realidade adopción – os nenos/as teñen necesidades, se sitúan en idades cronolóxicas moi diferentes ( É un neno dunha idade cronolóxica pero de moi diferente idade real).

Empezamos a traballar co neno en Maio. Durante os dous primeiros meses coa nai dentro da sala:

Observando,

Entendendo a comunicación do neno,

Entendendo o o seu xogo,

Tomando conciencia do corpo, do tono, da coordinación/descoordinación... do que nos indicaba.

Observando as respostas que eu lle daba.

Apreciando situacións e avances que con ela non se daban.

Entendeu sobre todo que tiña moitos fillos diferentes.... Con moitas necesidades e peculiaridades, e que tiña que atender e axudar a evolucionar a todos (non só ó bebé que era no que se centrara e o que tiña máis visible, tamén influenciada pola formación que se lle proporcionara)

Pouco a pouco ambos, nai e fillo, estiveron preparados para separarse e empezamos o traballo co neno só. Algunhas das peculiaridades do neno eran:

- Baixa conciencia do seu corpo. As mans tendían a estar colgando do brazo, e os pes non apoiaban totalmente no chan..
- Escasa ou nula expresividade emocional: ante sentimentos intensos autoagredíase ou desconectaba (ollos en branco e balanceo da cabeza)
- Nula conciencia do perigo.
- Tono muscular baixo.
- Escasas capacidades coordinación viso/espacial.
- Tempo de xogo motor limitados.

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

Este neno está facendo un gran traballo, eu titulo aquí de amarrarse á realidade, pois é moi simbólico a súa expresividade, o uso dos materiais: a necesidade de ter a corda amarrando o seu corpo e como solicita ás veces que se tire dela para acercalo e outras demanda que se lle solte.

Ten a fortuna de ter uns pais dispoñibles e que o entenden, que marcan os límites claros e están moi atentos ás demandas que este expresa. Que se “alegran” e festexan o primeiro día que o neno chorou, indicador de ser capaz de expresar a emoción por unha canle axustada e positiva para él. Que son flexibles e penso que chegaron a ver, contactar e sentir cos nenos, coas diferentes idades e necesidades que este neno ten.



No avance madurativo empezamos cuns niveis de dependencia moi elevados, é preciso pouco a pouco inicar un **PROCESO DE SEPARACIÓN**, que será moi longo e que debe estar marcado polas novas competencias que o neno/a vaia acadando. É algo complexo... hai moitos factores que interfieren en cómo se debe ir facendo, e o seu avance favorecerá ou entorpecerá o proceso madurativo do neno/a.

**O PRACER ELEMENTO CLAVE NAS APRENDIZAXES:** xa previo ó nacemento as vivencias que ten o feto recibidas a través da nai (tensión, relaxación, rutinas, alimentación...) producen engramas de pracer ou displacer que se gravan a nivel corporal (non hai outra estrutura). Isto segue sendo prioritario ó longo de toda a vida, pero nos primeiros anos máis, si cabe, xa que o neno non están diferenciado entre el e a súa acción. O pracer compartido é unha clave que favorece o avance e seguridade emocional. O pracer abre a experimentar, descubrir, moverse, crear... a xogar. O displacer xera tensión, angustia, pasividade.

O neno que pasa tempo nos horfanatos é frecuente que ante situacións de emoción intensa “colapse” ollos en branco, arquea o seu corpo, e pode quedar un tempo sin sentido.

**O XOGO LIBRE:** a ferramenta esencial na infancia. Entendendo o Xogo libre como xogo sensorio motor, xogo motor, xogo simbólico, xogo de regras – medio que permite ó neno/a reasegurarse. Entendendo e apreciando a diferenza entre o xoguete e o xogo.

## caso G

### HISTORIA DUNHA PÉRDIDA

video Gabi.

Gabriel no momento que o coñecemos acaba de perder a súa nai.

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

Cando Gabriel tiña tres meses de xestación, diagnosticáronlle á nai un cancro - un tumor cerebral. Nese momento- os pais despois de moitas dúbidas e consultas nas que recibiron opinións contradictorias sobre os riscos que supoñía seguir co embarazo, decidiron continuar e ter ó neno. A nai estivo a tratamento – o máis suave posible durante o resto de embarazo. Tamén foi sometida a unha intervención cirúrxica antes de dar a luz (o tumor era de gran tamaño).

Gabriel nace ás 35 semanas, mediante un parto programado, pero por erro médico administráronlle tratamento para provocar as contraccións durante unhas horas e logo fixeron a cesárea.

Gabriel non tivo que ir á incubadora, o seu peso estaba ben.

Gabriel acodiou á guardería dende o ano e medio e agora empezou no colexio.

O pai cóntanos que Gabriel dende que alcanzou a posición vertical non camiña – sempre corre. Por exemplo, no pobo pode botarse horas correndo, entrando e saíndo por sitios e buscando que o pai mostre sorpresa de velo de novo.

Sabemos que na gardería á que foi Gabriel estaba con frecuencia sentado en trona, castigado, era a metodoloxía empregada para controlar ós nenos que mordían, que facían cousas inadecuadas, inquietos, movidos....

Gabriel durante tempo, despois de morrer a súa nai tiña recordos dela, cando ía ó parque e voltaba para casa ía correndo á habitación de seus pais, ou collía unha flor e levaba para mamá... foi preciso dar lugar a ese simbolismo do neno.

## O XOGO DE GABRIEL

Curar pupas muñecas, cabeza, nel, na vaca, emprega o tema da pupa durante o xogo, e o sentimento que ten de ser malo. Isto xa dende a primeira sesión – acompañado de descargas brutais de rabia (choros, berros, puñetazos e verbalizacións de PUPAS MALAS.

- No momento das curas Gabriel permanece inmóvil, sentado, esperando que se lle vende a pupa, esperando que se lle bote a cremita, mostrando novas feridas que non foron vendadas....
- Coa vaca fai o mesmo, véndalle pupas, bótalle crema.... Coida como el foi coidado.
- A corda que se converte en serpe e tamén a cura cando se cae

**EVOLUCIÓN DOS COIDADOS:** do seu propio corpo, o corpo do obxecto e a diferentes tratamentos: tapar, crema, soplar... **DENTRO DAS PUPAS SEMPRE SE NOMBRA O CHICHÓN.**

Xogos de caerse, estar como durmido, morto e logo voltar á normalidade.



ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

Pedir auxilio!! Ayuda!!! E esperar que se lle lance algo para rescatalo: momento de encontro moi reconfortante.

A nivel motor experiencias moi fortes na espalda, grandes rupturas tónicas, caídas dende o alto, deslizarse polo tobogán, carreiras....

Xogos de perseguir ó adulto e darlle medo: coa serpe, o mostrar o medo ó adulto: perdón e tranquiliza.

Xogos de correr pola sala coa saltarina, caer, pupas e levantarse e unirse ó adulto a través da corda

O recordo da mamá: a pelota de purpurina verde é o papá, a rosa é mamá.

- XOGO: unha creación do neno, unha expresión – unha acción, é o neno o que crea, pensa e constrúe a súa realidade.
- XOGUETE: unha creación do adulto , unha realidade externa – un instrumento, soe ser unha proposta máis definida.

## caso B

### O ALIMENTO BO E MALO

B é unha nena que está en acollemento, chega ó centro por recomendación de unha AL do colexio no que está matriculada porque nos coñece e observa o bloqueo que experimenta a nena a nivel pedagóxico e a nivel emocional. Repite primeiro de primaria, cando empezou tiña 6 anos.

A historia de B é que ten unha familia biolóxica conflictiva, de pequena viviu moitas situacións de desatención, falta de coidados, desorganización,... despois de varias denuncias por desatención de B e de seus irmáns (por parte da nai) o equipo do menor decidiu dala en acollemento. Na actualidade vive cunha tía, irmán do pai biolóxico (este ten recoñecida unha discapacidade intelectual).

O xogo da nena nos comenzos reducíase a un pequeno espazo da sala, non máis de dous metros cuadros dos 60 da sala. Xogaba con animais pequenos a quenes lle proporcionaba comida, facía os repartos, repasaba os seus corpos por si tiñan marcas de sangue... A comida e os coidados casi sempre están presentes no seu xogo, aínda agora.

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

Nas imaxes xoga coas cordas que son espaguetis pero enseguida se convirten en serpes que ela enrosca minuciosamente para darlles un sitio: cerrado.... Un xogo moi simbólico... relacionado clarísimamente con súa nai....

A música é un recurso que empregou esta nena para expresarse, colocaba os peluches sempre moi coidadosa, e logo ofrecíalles un concerto...

A nivel corporal tiña moito medo ás alturas, a probar experiencias, enseguida estaba cansa... pouco a pouco foi incrementando o tempo de seu xogo motor e dende ahí o uso do espazo da sala....

10

Tocar para rematar esta parte outro tema que considero importante **A CRIANZA**: conxunto de creencias, pensamentos e valores que os pais consideran oportunos para o desenvolvemento ou benestar da súa descendencia.

Na crianza tamén é determinante a cultura, os medios e mensaxes que en cada momentos histórico se consideran esenciais para o coidado dos seus individuos... e ten unha gran transcendencia.

Gustaríame destacar algún aspectos que no momento actual penso que marcan o tipo de atención que os pais dan a seus fillos e que non favorecen a evolución dos nenos/as.

### **ASPECTOS DESTACABLES NO MODELO DE CRIANZA ACTUAL:**

- **IMPORTANCIA DA ESTIMULACIÓN PRECOZ** – en detrimento do respecto e disfrute das etapas do proceso madurativo. Actividades dirixidas a aproveitar a neuroplasticidade do neno para que aprenda idiomas, para o desenvolvemento do pensamento matemático, para o desenvolvemento cognitivo, xoguetes educativos, desenvolvemento de talentos.... Todo dirixido a unha meta: ÉXITO PERSONAL.

Minimizar ou obviar a importancia do corpo, do xogo libre e da propia capacidade creativa dos nenos/as. O xoguete (creación do adulto) ocupa un lugar moi destacado en detrimento do xogo (creación do neno). Onde os tempos están moi marcados, diseñados, dirixidos polos adultos para sacarlle a maior rentabilidade e olvidan que o neno precisa o seu tempo, o seu propio espazo e a mirada do adulto recoñecendo a súa acción (non ensinando algo...)

- Desaparece a **AUTORIDADE** e prima a **DEMOCRACIA** e negociación. Os límites non están claros, é o neno quen decide sobre temas que teñen os pais a responsabilidade (responsabilidade que lle sobrepasa,

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

*vamos a probar e logo decides)* Un trato de adultos, donde son abundantes os discursos verbais, cognitivos, razoamentos lóxicos... e son poucas as consecuencias, a restitución do que se fixo mal, a responsabilidade, a aceptación dos erros, a confianza no adulto apenas existe (*vas porque o digo eu e sei que é o mellor para ti...*).

Nenos que na sala falan moito pero apenas se conteñen a nivel emocional.... Que decindo perdón e dando un gran discurso solucionan os seus erros, nenos que tenden a ameazar ó adulto: me vou borrar, se lo voy a contar a mi padre y a mi madre (en vez de escoitar, aceptar, aprender...)

- A FELICIDADE do neno no alto da pirámide das súa necesidades, que o pase ben, que non se aburra, e outras mensaxes están olvidadas:
  - Aprender a controlar a frustración, non cubrir os desexos de inmediato.
  - Confiar nas capacidades do neno, na súa propia creatividade.
  - Aprender dos erros. Importancia de valorar os procesos non os resultados. Si suspende, si non fai os deberes, si non atende en clase ... todo iso ten que cambialo el non suplilo os pais...
  - Que asuma responsabilidades según as súas autonomías
- O NENO ocupa o centro de atención da familia, da parella... o espazo en función del, apartar as cousas para que non as toque (cando o neno ten que aprender a non tocar o que non é seu, a respetar o dos demais), si se mete en medio de papá e mamá non se lle pode decir non (pobre, me da pena)....

Nenos que siguen buscando ser o foco de atención permanente, verborreicos e non escoitan ó outro, sempre teñen que decir eles tamén algo, que demandan que o adulto os recoñeza permanentemente (senón poden facer calqueira tontería para ser vistos...)

- NENO PASIVO, que leva ó colexio a froita en trozos, que non beben dunha botella chupan, que é reacio a probar novos alimentos, toman o biberón e o peito moito máis alá de saírle os dentes, dáselle de comer ou se distrae para que coma.....

Un estilo de crianza que pode estar contribuíndo a moitas dificultades que os profesionais da infancia nos estamos encontrando:

- O gran incremento de nenos con dificultades emocionais.

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

- Moitos nenos con gran axitación motriz e impulsividade, con grandes dosis de angustia.
- Incremento considerable dos tratamentos farmacolóxicos en idades moi tempranas – incentivando os niveis atencionais.
- Dificultades para dormir, probar novos alimentos, inflexibilidade comportamental e emocionada.
- Nenos con queixas, me aburro, dependentes do adulto (agora que facemos..) con dificultades a abrirse ás relacións con iguais.
- Gran número de adolescentes que se suicidan e con graves problemas...

Como profesional penso que o reto é moi grande. É clave entender o estilo de crianza dun neno para poder dar sentido ó seu comportamento. Facer unha boa anamnese é o primeiro peldaño para poderlle axudar, para entendelo, para profundizar na súa sintomatoloxía e non confundir o síntoma co problema (como vos explicaría Federico).

Que os pais retomen a súa responsabilidade no proceso de axuda e avance de seus fillos, que se coloquen no seu rol e non profesionalicen una tarefa que sólo eles poden facer, e que é necesario para que se den avances no proceso de axuda.

NA DISTANCIA PROXIMIDADE AXUSTADA CONSTRUÍMONOS E DESENROLAMOS OS MECANISMOS DE ASEGURACIÓN QUE NOS PERMINTEN AVANZAR NO DESENROLO MADURATIVO.

## PARTE II

### A PSICOMOTRICIDADE: UN RECURSO NO TRABALLO E APOIO Á INFANCIA

Dende a psicomotricidade Vivenciada Relacional é o neno quen marca as necesidades que ten que cubrir partindo sempre dos puntos fortes ou fortalezas coas que conta.

Maís alá da patoloxía, do déficit ou carencias que ten... é UN NENO, coas mesmas necesides que calqueira outro neno.... e precisa xogar, experimentar, moverse... debemos de darlle un espazo para ser EL quen dirixa, non sempre dirixir nos o que queremos que acade.... Que marque el o percorrido a seguir.

### ORIXES E RAMAS DA PSICOMOTRICIDADE

A psicomotricidade ten a súa orixe en Francia, no século pasado, podemos distinguir no seu nacemento varias etapas:

- ✚ PRIMEIRA ETAPA unida á influencia neuróloxica no desenvolvemento psicomotor (ámbito médico). Investigacións sobre a patoloxía cortical Liepmann (1907) e Monakow (1914). E estudos da neuropsiquiatría Dupré quen en 1907 define o síndrome de debilidade motriz, que máis tarde 1909 definiría como debilidade mental ,e Wallon (1979) contribúe de maneira notable a establecer o concepto de psicomotricidade estudando os estadios e trastornos do desenvolvemento psicomotor e mental do neno.
- ✚ SEGUNDA ETAPA vinculado á psiquiatría: Heuyer (1948) partindo dos estudos de Dupré pon en evidencia a interdependencia entre o ámbito afectivo, motriz e cognitivo no desenvolvemento infantil. Contempla o neno como un ser GLOBAL. Neste momento no ámbito educativo cobran importancia as teorías de Piaget (1937) e Wallon ((1942) que vinculan a importancia do movemento na aprendizaxe na primeira infancia.
  - WALLON (1979) estudia os estadios de desenvolvemento psicomotor do neno e a importancia neste proceso de: movemento, tono, actividade postural, o mundo dos obxectos, acto motor e as praxias, a motricidade fina, a capacidade de representación ou

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

función simbólica, e a dominancia lateral. Elementos todos eles que inciden na estruturación do esquema corporal. Este autor é o punto de partida da unidade biolóxica da persoa humana xa que o psiquismo e a motricidade no son dúas entidades diferentes nin superpostas sinon que son a síntese das relacións do ser e o medio.

- PIAGET (1976) estudia a evolución do desenvolvemento cognitivo na evolución do neno e a adquisición de aprendizaxes instrumentais. Estudia a intelixencia sensoriomotriz, a función simbólica a través dos procesos como son a imitación, a aparición de símbolos mentais, do xogo simbólico, do dibuxo, a adquisición de procesos de análise, síntese, reversibilidade e descentración. Piaget formula a teoría de como a través da acción os nenos aprenden, resollen problemas, crean e pensan.
- FREUD, dende o psicoanálise profundiza no desenvolvemento afectivo do neno, pilar do resto das adquisicións do neno. SPITZ analiza as repercusións psicolóxicas que teñen as carencias afectivas no primeiro ano de vida (inciden a importancia do corpo e das experiencias sensoriomotrices no primeiro ano de vida).

✚ TERCEIRA ETAPA: a psicomotricidade en busca dunha identidade. Neste momento destacan os estudos de AJURIAGUERRA e DIATKINE xunto con colaboradores a finais do século XIX, elaboran a primeira Carta de Reeducação Psicomotriz, un documento con fundamentación teórica sobre o exame psicomotor. Por entónces en Francia xa se recoñecen a nivel oficial os estudos de Certificación en Reeducação Psicomotricidade e especialidade en psicomotricidade (nos anos 1963 - 1973) - que en España aínda non existe.

✚ ACTUALMENTE:

- Holanda, Suíza, Luxemburgo, contan coa psicomotricidade unida a diferentes ámbitos da sanidade.
- Latinoamérica: a psicomotricidade ten unha titulación de grao recoñecida no ámbito da sanidade: Argentina, Uruguay, Brasil, Méjico, Ecuador.
- Austria, Suecia, Portugal e España non existe unha formación oficial reglada.
- España: a introducción á psicomotricidade está ligada á formación que fixeron Aucouturier e Lapierre. Primeiro

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

congreso de psicomotricidade en Madrid en 1980. En España a pesar de non acadar o recoñecemento necesario, a psicomotricidade foi enriquecendo campos a profesionais vinculados á Educación (de feito os seus fundamentos están recoñecidos na Ley General do Sistema Educativo de 1990, no ámbito da saúde.

- No ano 2006 en Uruguay, no I Encontro de Académicos Iberoamericanos da Psicomotricidade, representantes de Uruguay, España, Brasil, Argentina e Venezuela acordan que a psicomotricidade é unha disciplina que se desempeña nos ámbitos educativos, sanitarios e sociocomunitarios como elemento de axuda o desenvolvemento das persoas, así como a superación das súas dificultades por medio do traballo corporal:
  - Intervención diagnóstica.
  - Traballo de prevención.
  - Aporte educación.
  - Intervención terapéutica.

### **CORRIENTES DA PSICOMOTRICIDADE:**

- **CORRIENTE INSTRUMENTAL.** Le Boulch – a psicocinética que se centra no perfeccionamento das condutas motrices básicas, na estruturación do espazo e tempo. É un enfoque directivo. Aquí están os traballos de Picq e Vayer.
- **CORRIENTE VIVENCIADA RELACIONAL.** Enfoque de Aucouturier e Lapierre basados na práctica non directiva e vivenciada. A tecnicidade en vez de técnicas. Non parte de contidos nin actividades organizadas senón que vai orientada ó desenvolvemento da comunicación e creatividade. Colócase ó neno nun dispositivo espacial, temporal e relacional que lle permita expresarse.
- **CORRIENTE INTEGRADORA.** Enfoque de Berruezo, quen promove o desenvolvemento global do neno mediante a acción integradora e sistematizada do traballo na aula.

:

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

## LUGAR DA PSICOMOTRICIDADE EN ESPAÑA E GALICIA

Movemento importante en torno ós 80 en toda España onde nace a primeira Asociación de Psicomotricistas de España.

Universidades e formación recoñecida – como máster, non como ciclo.

Galicia:

- Educativo comenzos: Luis Pérez Rivas (instituto de psicomotricidade en Vigo)
- Sanidade: Xoana Balado - Unidades de Atención Temperá (non todas contan coa profesional de psicomotricidade)

16

DENDE A PSICOMOTRICIDADE VIVENCIADA RELACIONAL AUCOUTURIER HAI TRES ÁMBITOS DE TRABAJO:

- 🚦 Educativo/preventivo: dirixido a nenos/as de 2 anos máis ou menos ata 6/7 anos que teñen un desenrolo madurativo típico.
- 🚦 Reeducativo nenos/as que presentan algunha dificultade que afecta ó avance do seu desenrolo. Neste caso podemos facer o traballo en:
  - Grupos de Axuda – ata 4 nenos en grupo.
  - Traballo terapéutico: traballo individualizado

**AUCOUTURIER** segue neste momento profundizando na súa teoría, publicou recentemente o libro de “Actuar, jugar pensar: puntos de apoio en la práctica psicomotriz educativa y terapéutica”. Hoxe está en Bilbao.

**DESENROLO PSICOMOTOR:** é un proceso que permite ó neno adquirir habilidades propias da súa idade e madurez neurolóxica. É un proceso madurativo no que se pasa por diferentes etapas ou estadios que teñen unha funcionalidade (entre os diferentes estadios dase unha interrelación “cabalgaduras” de maneira que o avance dun influe no seguinte e no posterior. Nestas idades a evolución está en estreita relación con circunstancias como:

- A calidade dos cuidados que o neno recibe das figuras de referencia.
- A estabilidade das súas rutinas e o ambiente.
- As potencialidades orgánicas.



ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

**De 0 A 3 ANOS** según WALLON estadio sensoriomotor ou proxectivo. Etapa difusa, de carácter global e reflexo. Nesta etapa o neno conquista a marcha, o acto motor, as práxias, a imitación e a función simbólica e representación. Perfeccionase en gran medida a coordinación óculo manual (o neno afánase en llenar/vaciar, construír/destruír, unir /separar, lanzar / recoller,...)

**De 4 a 6 ANOS** egún WALLON estadio do personalismo – a construción do YO. Automatízanse os patróns motores, aparecen movementos máis coordinados e variados.

- Aparece a facilidade para a carreira.
- Realización de saltos.
- Equilibrio
- Dominancia lateral.
- Desenrolo do esquema corporal:
  - Maior independencia da musculatura das pernas.
  - Melloría na psicomotricidade fina. Control corporal.
  - Coordinación óculo – manual...
- Orientación espacial (unha que se controla o corpo)
- Aumento da velocidade, resistencia, forza,

**A partir dos 6/7 ós 11 ANOS anos está o estadio categorial**, o neno pode romper o personalismo que era esencial nas anteriores etapas para ir á conquista do mundo exterior e da aprendizaxe. A capacidade de razoamento marca a diferenza do traballo dende a práctica psicomotriz á educación física.

**A CONSCIENCIA CORPORAL** e a seguridade física sempre son os pilares fundamentais sobre os que nos apoiamos ó longo da vida. Somos corpo, e no corpo áncanse sentimentos, vivencias, aprendizaxes,...

Cando o desenrolo harmónico non é posible e se altera o funcionamento no ámbito motor ou nos procesos mentais superiores é o que se coñece como **TRASTORNOS DO DESENROLO MOTOR**. As manifestacións visibles do trastorno son SINTOMAS, indícanos que algo está pasando. Alteracións:

- TRASTORNOS DA FUNCIÓN TÓNICA E DO CONTROL SEGMENTARIO
  - Tics
  - Sincinesias

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

- Debilidade motriz ou paratonía.
- Inhibición motriz ou torpeza motora.
- Inestabilidade motriz ou síndrome hipercinético.
  
- TRASTORNOS DE COORDINACIÓN DINÁMICA XERAL E DE COORDINACIÓN ÓCULO MANUAL.
  - Dispraxias
  - Apraxias.
- TRASTORNOS DO CONTROL DO PROPIO CORPO.
- TRASTORNOS DE LATERALIDADE.
- TRASTORNOS NA ORGANIZACIÓN ESPACIAL E ESTRUCTURACIÓN ESPACIOTEMPORAL.

18

Recursos que aporta a psicomotricidade no traballo cos nenos/as: **xogo libre**. O xogo a gran ferramenta do neno ata os 6/7 anos (etapa na que o neno aínda non acadou a capacidade de descentración tónico emocional) para coñecerse, coñecer o entorno, expresarse, asegurarse, integrar o seu corpo...

O xogo un dereito recoñecido do neno.

Un recurso innato que ten unha funcionalidade, por elo hal xogos que os fan todos os nenos independente de onde vivan – universalidade do xogo. A través do xogo o neno asegúrase emocionalmente e adquire a súa identidade: persoal, sexual, social.

XOGOS DE APARECER/ DESAPARECER.

XOGOS DE MEDIRSE: CONQUISTAS.

XOGOS DE OMNIPOTENCIA: superheroes/heroínas, poder, forza...

XOGOS DE COIDADOS: MATERNAXE

XOGOS DE ASEGURACIÓN PROFUNDA: O MEDO

XOGOS DE CONSTRUCCIÓN DE CASAS

A SIMETRIA NA CASA... INTEGRACIÓN DA LATERALIDADE.

XOGOS DE EMPUXAR: CONSTRUIR DESTRUIR.

Recursos que aporta a psicomotricidade no traballo cos nenos/as: **TECNICIDADE** – relacionada coa formación vivenciada das psicomotricistas entrenadas en:

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

- Empatía tónica.
- Interpretación dos movementos e da expresividade do neno.
- Capacidade de descentración.
- Mecanismos para asegurar a acción do neno.

Recursos que aporta a psicomotricidade no traballo cos nenos/as: **espazo** preparado, organizado e deseñado:

- Materiais versátiles, que se destrúen para volver a construírse, sobre os que se pode descargar a pulsión que vive o neno.
- Un espazo cos mesmos materiais sempre, coa mesma organización temporal e espacial, que permite ó neno anticipar, deseñar, organizar, dar continuidade ás súas producións – dar continuidade a sí mesmo

19

Un espazo diferenciado: estruturado

- Zona para xogo motor.
- Zona para as construcións.
- Zona para a narración – palabra.
- Zona da representación

Innumerables propostas adaptadas ás necesidades do neno ou grupo co que se traballa

O chan – importancia de sentir os límites corporais na integración corporal.

O espazo e material investido polo neno, infinitamente transformable

Recursos que aporta a psicomotricidade no traballo cos nenos/as: estruturación **temporal**:

- do placer de facer ó placer de pensar
- do corpo – ó pensamento – á representación.
- Momento de entrada na sesión – ritual de entrada
- Momento da saída e reencontro ritual de saída

Recursos que aporta a psicomotricidade no traballo cos nenos/as: **a linguaxe**, a comunicación non verbal e verbal... O CONTO un recurso para o desenvolvemento do pensamento – identificación con personaxes... aseguración

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

Recursos que aporta a psicomotricidade no traballo cos nenos/as: a representación:

- Modelar
- Construir
- Pintar

A **expresividade motriz** término importante na psicomotricidade Aucouturier. É o medio que nos permite entendela e poder chegar a él.Fálanos da súa historia relacional, de como foi cuidado, mirado, sostido, atendido....

20

O CORPO- ITEMS DE OBSERVACIÓN:

- Como se move harmonía, coordinación, torpeza,...
- Tono.
- Como usa os apoios: pes
- Como manipula: mans.
- Integración sensorial:
  - Alertas: auditiva, visual, olfativa...
  - Vestibular: experiencias bruscas: choques, caídas....
  - Consciencia do perigo.
  - Rechazo a texturas.
  - Si acepta ou limita o contacto corporal. Si o disfruta
  - Competencias motrices están adquiridas e automatizadas: o desenrolo dos patróns motores básicos.
  - Corre
  - Salta
  - Lanza
  - Golpea
  - Atrapa
  - Patea
- Como é o control postural.
- Equilibrio

COMUNICACIÓN – ITEMS DE OBSERVACIÓN:

- A nivel verbal.
  - Pide
  - Comparte
- A nivel xestual.
  - Mirada

ITOS: MILAGROS LORENZO MÉNDEZ

- Señala

A NIVEL EMOCIONAL: ITEMS DE OBSERVACIÓN:

- Separación das figuras de referencia.
- Vincúlase.
- Explora.
- Tono de voz
- Labilidad / estabilidad emocional.
- Intensidad emocional: represión / euforia..
  
- Rixidez / flexibilidade emocional

21

USO DO MATERIAL: ITEMS DE OBSERVACIÓN:

- manipula / tócaos.
- Invísteos simbólicamente.

RELACIÓNS QUE ESTABLECE: ITEMS DE OBSERVACIÓN

- Como se relaciona cos iguaes.
  - Observa.
  - Participa.
  - Imita.
  - Convoca.
  - Demanda...

RELACIÓN COA AUTORIDADE: ITEMS DE OBSERVACIÓN

- Nivel de vinculación
- Dependencia/autonomía.
- Aceptación de límites
- tolerancia á frustración

CAPACIDADE PARA INVESTIR O ESPAZO

INICIATIVA / CREATIVIDADE / AUTOESTIMA

## O PAPEL DA PSICOMOTRICISTA:

- Mostra unha **resposta corporal** axustada ás necesidades ou demandas do neno.
  - A **mirada**
  - **Xesto** facial e corporal.
  - **Voz** – poñer **palabra** ó corpo – á acción – á mirada do neno..
- As **técnicas do rodeo**, sempre apoiando ós nenos dende súas competencias e fortalezas non as debilidades.
- O **pracer** como elemento clave no traballo
- Entendendo ó neno dende a súa globalidade
- Importancia do contacto e acollida á familia.